



### **MEMORIA 2013**

Finalizado o 2013, como nos exercicios precedentes se presenta esta Memoria na que se actualiza e desenvolve o traballo realizado polo Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Ourense durante o ano 2013 no exercicio das funcións definidas no seu Regulamento, aprobado polo Pleno do Concello de Ourense do 6 de maio de 2005, e que ten por destinatarias non só as dependencias municipais senón as persoas e entidades da cidade de Ourense.

Un ano máis a tarefa do Tribunal, guiada polos principios de obxectividade e independencia na defensa da legalidade das actuacións municipais realizadas no ámbito dos tributos locais e demais ingresos de dereito público, baseouse na aplicación da normativa tributaria e os criterios asentados por este órgano colexiado de carácter técnico.

Dende a perspectiva de funcionamento do Tribunal, o elevado número de reclamacións en vía económico-administrativa presentadas dende o 2012, unido á ausencia actual de persoal administrativo, está a provocar o atraso na resolución dalgúns expedientes máis alá do prazo legal máximo dun ano. Por iso sería conveniente reforzar este aspecto organizativo do Tribunal co fin de inverter esta tendencia no prazo de finalización dos expedientes.

O labor, posto en cifras, exercida polo Tribunal no 2013 resúmese nas estatísticas presentadas a continuación, nas que se recolle un cadro resumo global, un relativo aos acordos adoptados nas reclamacións económico-administrativas, unha clasificación por conceptos e outra segundo o período de recadación das débedas

#### **CADRO I. RESUMO GLOBAL DO 2013**

<b>TOTAL EXPEDIENTES TRAMITADOS</b>	<b>157</b>
<b>RECLAMACIÓNS REXISTRADAS</b>	<b>187</b>
<b>RECLAMACIÓNS RESOLTAS</b>	<b>131</b>
<b>DICTAMENES</b>	<b>5</b>
<b>INFORMES</b>	<b>21</b>
<b>RECLAMACIÓNS PTES. RESOLUCIÓN</b>	<b>185</b>
<b>RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS</b>	<b>8</b>

- As reclamacións económico-administrativas rexistradas no 2013 chegaron ás 187.
- O número total de expedientes tramitados no exercicio das competencias do Tribunal alcanzou os 157, incluíndo nestes as reclamacións económico-administrativas resoltas, os ditames emitidos sobre os proxectos de modificación das ordenanzas fiscais e os informes elaborados a petición da Recadación Municipal consecuencia de procedementos concursais.

- As reclamacións resoltas recollidas no cadro I, incorporan as tramitadas ata xaneiro de 2014, e corresponden ás presentadas no exercicio 2012 e 2013 co seguinte detalle:

2012	2013	TOTAL RESOTAS
118	13	131

## CADRO II. RECLAMACIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS

	TOTAL RECLAMACIÓNS	%
ESTIMACION TOTAL	25	19
ESTIMACION PARCIAL	8	6,1
DESESTIMACION	67	51,1
ARQUIVO SATISFACCION EXTRAPROCESAL	6	4,5
INADMISIBILIDADE	26	19,8

- A forma de terminación das reclamacións mediante arquivo de actuacións por satisfacción extraprocesal refírese tamén neste exercicio, a liquidacións practicadas por IBI nas que se produce a súa baixa ou anulación no tempo que transcorre dende a presentación ata a resolución da reclamación.
- As resolucións de inadmisibilidade, prodúcense, na súa maioría, como consecuencia da presentación fora de prazo das reclamacións, e en moita menor medida por falta de lexitimación ou representación do reclamante, ou de competencia do Tribunal.

## CADRO III. CLASIFICACIÓN POR CONCEPTOS

	TOTAL RECLAMACIÓNS	%
IBI	27	21,4
IVTM	32	24,4
IIVTNU	10	7,6
IAE	4	3
ICIO	1	0,7
TAXAS	26	19,8
SANCIÓN TRIBUTARIAS	8	6,1
SANCIÓN TRÁFICO	23	17,5

- Do cadro III despréndese que as reclamacións resoltas corresponden principalmente a liquidacións por IBI, IVTM e taxas.
- No concepto taxas inclúense reclamacións referidas a ingresos tributarios pola ocupación do dominio público local, basicamente instalación de valos e vaos, e en menor medida taxas polo servizo de extinción de incendios.

**CADRO IV. CLASIFICACIÓN POR PERIODO DE RECADACIÓN**

	<b>TOTAL RECLAMACIONES</b>	<b>%</b>
<b>PERIODO VOLUNTARIO</b>	<b>66</b>	<b>50,4</b>
<b>PERIODO EXECUTIVO</b>	<b>65</b>	<b>49,6</b>

O PRESIDENTE DO TRIBUNAL

LUIS MARÍA BERMÚDEZ DE LA PUENTE VILLALBA